

## Calendario de actuacións en relación á **recuperación de MÓDULOS PENDENTES**

### ► **Actuacións coordinadas polas xefaturas de departamentos**

#### Marco legislativo:

► Decreto 114/2010, Artigo 48

4. No desenvolvemento do currículo mediante a elaboración das correspondentes programacións dos módulos profesionais, tal e como se establece no artigo 34º deste decreto, **prestarase especial atención á toma de decisións propias do proceso de avaliación e, en particular:**

b) **Á planificación das actividades de recuperación de módulos profesionais pendentes, e expresamente aquelas que poidan ser realizables de xeito autónomo polo alumnado.**

Artigo 51º.-Documentación resultante do proceso de avaliación.

2. **O informe de avaliación individualizado incluírá as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno ou á alumna, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren salientables.**

► ORDE do 12 de xullo de 2011, avaliación

Artigo 30. Avaliación final de módulos do primeiro curso. Pto 2

“...No suposto de que se pase de curso con módulos pendentes, **o alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación**, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial prevista no artigo 31.3 desta orde. Nestes módulos pendentes de primeiro curso non será de aplicación a perda do dereito á avaliación continua a que se re re o artigo 25.3 desta orde.”

Departamento de: \_\_\_\_\_

Calendario de accións (a recoller en actas de reunión como realizadas):

Momento*	Acción a realizar**	Realizado?
<b>Inicio do curso</b>	Disposición en cada departamento da relación de <b>alumnos con módulos pendentes</b>	
<b>Antes da avaliación inicial</b>	Disposición de <b>profesores coa responsabilidade de supervisar</b> e avaliar as actividades programadas nos módulos en relación cos alumnos que promocionaron a 2º que os teñan pendentes. <i>Profesorado que imparte ese módulo e/ou coñece ao alumnado e/ou dispón de horas. A xefatura de dpto. xestionará os recursos humanos para cumprir co dereito do alumnado a ser avaliado mediante un plan de recuperación.</i>	
<b>Avaliación inicial</b>	Disposición por parte dos profesores asignados, de <b>informes individualizados</b> dos alumnos con módulos pendentes	
<b>Outubro (finais)</b>	Disposición polos profesores da <b>programación de actividades para a recuperación</b> dos módulos pendentes. Estas actividades atenderán ao indicado no informe individualizado que se debe dispoñer, e especialmente a aquelas actividades que poidan ser realizables de xeito autónomo polo alumnado.	
<b>Novembro</b>	O departamento (xefatura/profesor/titor) estará en disposición de poder <b>confirmar que todo alumnado con módulos pendentes ten a posibilidade de ser informado das actividades que debe realizar</b> para recuperar o módulo, incluíndo o período para realizalas, temporalización e datas das probas que se programen.	
<b>Marzo</b>	A avaliación coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa a FCT de segundo curso.	

**Verificacións:** Solicitaráselle aos departamentos que verifiquen a realización das actividades indicadas nos momentos correspondentes. “**SI**”: acción\*\* correspondente realizada; “**NON**”: acción\*\* incompleta no **momento\*** que se indica.

\* CADA DEPARTAMENTO REALIZARÁ SEGUIMIENTO DO REALIZADO NA COLUMNA CORRESPONDENTE, E ENTREGARÁ ESTA TÁBOA ASINADA Á XEFATURA DE ESTUDOS AO FINAL DO PROCESO (OU CANDO ESTA SOLICITE A SUPERVISIÓN)

Asdo:

Xefatura do departamento didáctico